

A Galipedia, unha ferramenta para a aprendizaxe e o ensino

Proposta para presentación sobre Galipedia/Wikipedia e educación

Antonio Gregorio Montes
Infoensino 2007

Unha lembranza

'A ombros de xigantes'...
apoiados nos demáis

Resume

Hoxe en día as aulas estánse a abrir ó mundo vía a virtualidade dos medios de que dispón a mesma sociedade. Dentro da diversidade dos posibles, botamos unha breve ollada a un deles, amosando que é, cal é a súa filosofía e algunha das súas posibilidades educativo/formativas.

1 Introducción: Que é a Galipedia / Wikipedia?

A Galipedia é a rama galega da Wikipedia enciclopedia libre, aberta, colaborativa e multi-lingüe

baseada na tecnoloxía wiki, e polo tanto, acumulativa.

+ Tempo => + Colaboración, apertura, crecemento=> + Calidade

2 Características

1. É unha enciclopedia, entendida como soporte que permite a compilación, o almacenamento e a transmisión da información de forma estruturada.
 2. É unha wiki, polo que, con pequenas excepcións para optimizar a súa xestión, pode ser editada por calquera.
 3. É de contido aberto e utiliza a licenza GFDL (GNU Free Documentation License), entre outras.
- ... e o que non é

3 Como se presenta?

<http://gl.wikipedia.org>
<http://es.wikipedia.org>
<http://en.wikipedia.org>

...

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.1 Preguntas básicas diversas

4.2 Ten sentido usar a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.1 Preguntas básicas diversas

Canta + posibilidade, + preguntas
Reproducción do contido: dominio público, gnu, Creative Commons, copyleft.

Potencia en aumento coa propia actividade.

Contribución voluntaria.

Novos conceptos educativos basados na solidariedade, o apoio mutuo e o traballo cooperativo.

O seu propio desenvolvemento, con crecemento e mellora contínua mellora asemade de xeito contínuo a súa fiabilidade como enciclopedia, ofrecendo co tempo máis temas e máis detallados.

De xeito natural, os artigos máis editados resultan máis fiables.

Os textos iniciais son ás veces transcripción de fontes libres, orixe xa depurado que logo actualizan sucesivos editores.

É cada vez máis citada como orixe informativo.

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.1 Preguntas básicas diversas

Calquera pode ir a case calquera páxina e modificala introducindo información incorrecta.

Hai usuarios que rastrexan as listas de contribucións.

Os usuarios rexistrados contan cunha «Lista de seguemento». Os editores vandálicos poden ver vetada a edición (a parte de ver reverquidos os seus cambios ou entradas enteiras). Mesmo a IP de centros educativos, aínda que gozan de preferencia e 'discriminación positiva' por parte dos administradores.

Non é perfecta.

Se estás a usar a Wikipedia para unha investigación ou para un traballo escolar, sempre deberas verificar a información contrastándoa con outra fonte, tal como se debera facer en calquera outra situación.

Os profesores poderían preguntar aos alumnos o que fixeron para verificar a información que consultaron en Wikipedia (outras web, outras wikis, bibliografía do artigo ...)

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.1 Preguntas básicas diversas

Cada artigo ten un historial onde aparecen recollidas as ligazóns ás páxinas dos usuarios que contribuíron ó mesmo e que fixeron.

Existe un rexistro das contribucións de cada usuario.

Cada usuario, pode ter unha páxina persoal e outra de discusión. Non se trata dunha rede social, e as actividades doutros tipos non relacionados coa enciclopedia detéctanse e elimínanse.

Estar en liña implica unha supervisión das actividades por parte do profesor que non pode ser deixada.

O profesor pode seguir o traballo de cada alumno se está acumado.

Hoxe por hoxe hai moitas wikis usadas en educación (<http://feirasdeciencia.wikispaces.com>)

Hai sitios de difusión e mellores prácticas (<http://coolcatteacher.blogspot.com/2007/06/necc-wikis-in-classroom-web-2-and-other.html>, 'A school that wikis together stays together!')

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.2 Ten sentido usar a Galipedia na aula?

Hai xa xente usádoa.

É un instrumento usable como calquera outro.

(A mesma proposta pode ter o uso de calquera outra enciclopedia)

Hai wikiproxectos como a Wikiversidade que están máis orientados á docencia a un determinado nivel ou temática.

Cada quen aprende segundo o seu propio interese e o seu propio estilo de aprendizaxe... 'cada maestiño ten o seu libriño'.

Tanto en educación (p.ex., o valor da colaboración) como en formación (método para facer integrais)

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.2 Ten sentido usar a Galipedia na aula?

Noutros lugares:

a data 18/08/2007, en Cataluña: "(...) hemos dado dos charlas introductorias en centros de profesores, se ha creado un curso que se impartirá online a partir de octubre (en él se usa la wiki pero también los blogs y otros recursos TIC) y se ha puesto un enlace permanente en la página de la consejería. Los profesores van entrando tímidamente (...)"

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.2 Ten sentido usar a Galipedia na aula?

http://www.pbs.org/teachers/learning.now/2006/07/wikipedia_in_the_classroom_con.html

<http://opensource.christophercraft.com/?p=51>

<http://teacherjay.wordpress.com/2007/07/17/wikipedia-in-education>

<https://elgg.leeds.ac.uk/libajn/weblog/620.html>

http://www.andycarvin.com/archives/2005/07/turning_wikiped.html

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Ideas de traballo no aula, colaborativas coa Galipedia, colaborativas a secas ou non colaborativas:

Creación de novos artigos: dentro da preparación da clase polo profesor entrará o ver se existen ou non os artigos ou se paga a pena amplialos (Category:Wikipedia:En progreso). Poden desenvolverse artigos de historia ou xeografía local, biografías de personaxes ilustres da poboación, etc. Esta suxerencia refírese a termos máis de colaboración que do que se entende normalmente por 'uso'.

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Traducións doutras Wikipedias: os profesores de idiomas poden propoñer actividades de tradución de artigos noutras linguas, que non existan na Galipedia ou Wikipedia española (ou ben sexan traballos en progreso sinxelos). En coordinación cos profesores doutras asignaturas, poderíanse elixir aqueles temas que se estean desenvolvendo nun momento dado, o que axudaría a un mellor desenvolvemento curricular. Resulta de interese a tradución dos artigos destacados noutras wikipedias e que son de gran calidade.

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Lectura de artigos: existen artigos que poden ser escoitados, o que resulta interesante para usuarios que non poidan ver, para estudantes da lingua, etc. Os artigos destacados serían as ideais para gravar a súa lectura, aínda que pódese facer con calquera artigo.

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Deseño de imaxes: son moitos os artigos que gañarían en calidade cunha boa imaxe, xa sexan debuxos, esquemas ou fotografías. Os profesores de debuxo, tanto artístico como técnico, poden propoñer que os alumnos suban os seus traballos a Wikimedia Commons para ser usados nos artigos da Wikipedia.

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Como base enciclopédica en contínuo aumento.

Un exemplo: Adaptación do recollido en http://es.wikibooks.org/wiki/Wikilibros:Wikilibros_y_la_Universidad_Javeriana:

En que consiste esta asignatura e como está estruturada? - Esta materia chámase Introducción á informática e o que se pretende cos wikis é deixar constancia do feito en clase. Isto co fin de que os mesmos estudantes lean, melloren e aporten sobre os contidos dos seus compañeiros para crear un produto colectivo de alta calidade.

Que se esixe? - Publicar todos os traballos que fagamos durante o transcurso do curso e así mesmo ir mellorándoos a medida que se atopen erros para ter cada vez un mellor produto.

Que vos parece ter que facer prácticas nunha asignatura deste xeito? Resúltavos máis duro, máis interesante...? -É desde logo moito máis interesante porque déixase un legado para que estudantes de futuros semestres poidan complementar e mellorar as nosas wikis. Non é máis difícil e é unha excelente forma de compartir coñecemento.

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Outra proposta (adaptado de: http://www.andycarvin.com/archives/2005/07/turning_wikiped.html) Como unhas entradas teñen máis calidade e referencias que outras, pódese tomar unha clase e dividila en grupos, dándolles a escoller temas sobre calquera asunto. Poñamos por caso, os cabalos, os delfíns, o voleivol, etc. Despois, déixaselles que procuren información na Wikipedia e que cotexen as fontes dos artigos, se as teñen, collendo cada un unha parte do reseñado no mesmo para verificar, producindo no proceso un rastro que poden ir apuntando en papel ou nun arquivo. Despois, expónse na clase o resultado das pesquisas e auméntanse as referencias e/ou contido, ou ben no seu caso, pode dar lugar a correccións, resultando un traballo tanto de aprendizaxe de uso de fontes múltiples como colaborativo. Aínda pode poñerse na sinatura do historial un selo como 'comprobado polos estudantes'...

4 Ten cabida a Galipedia na aula?

4.3 Estratexias para facer máis rendible o seu uso

Proporciona unha oportunidade de examinar a comprensión que ten da seguridade en liña e ensinar prácticas apropiadas. Os educadores poden utilizar a Wikipedia como xeito de ensinar a estudantes a desenvolver a xerarquía de credibilidade, esencial para a investigación ou a incluír nos seus pensamentos a propiedade das ideas (dominio público, licenzas, etc).

Corrixir na Wikipedia é unha oportunidade para aprender e participar en procesos editoriais colectivos e revisión por pares.

Desenvolve habilidades para a escritura, equipándose mellor para ter o seu propio estilo en xéneros máis creativos. O mesmo para exercitar a neutralidade e a tolerancia nas súas ideas e expresións.

5 Algo que xa hai

A ciencia ten nome de muller, sobre as
mulleres na ciencia

Páxina con fotos de paxaros

A Ciencia en Galiza

Galería de ríos de Galicia

Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade

...

6 Por onde empezar?

1. Crea unha conta de usuario para o centro escolar/profesor.
2. Deseña a páxina de usuario.
3. Practica e utilizar as páxinas de axuda.
4. Consulta con outros wikipedistas.
5. Comenta a idea de colaborar/usar a Galipedia con outros compañeiros ou mesmo alumnos.
6. Ponte en marcha.

7 A Galipedia na prática

8 Para consultar

...continuará

Na páxina web

<http://gl.wikipedia.org>

“Wikipedia:A Galipedia, unha ferramenta para a aprendizaxe e o ensino”
poderase atopar a última versión desta comunicación.